



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra

Sendo necesario aprobar unha Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra, dado o crecemento significativo experimentado polo autocaravanismo nos últimos anos e que se debe responder axeitadamente aos problemas que expón esta actividade para as persoas usuarias, administracións públicas e cidadanía en xeral, nos diversos ámbitos materiais afectados e sen esquecer a imprescindible ordenación co obxectivo de protexer os espazos municipais; e visto o informe emitido polo Secretario Municipal sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir, en exercicio da potestade regulamentaria e de autoorganización que corresponde a este Concello e co obxecto de regular o estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra.

Visto que en data de 05/12/2024 procedeuse á publicación na Sede Electrónica e a Páxina Web do Concello de Fisterra do anuncio de Consulta pública para recabar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas, durante un período de vinte días hábiles, sobre a aprobación dunha Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra, sen que consten presentadas alegacións ou aportacións á mesma.

Visto o borrador de Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra, redactada polo persoal técnico ao servizo do Concello de Fisterra.

DISPOÑO

PRIMEIRO. Que en aplicación do disposto no artigo 133.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas se publique esta Providencia xunto co texto do borrador de Ordenanza Municipal reguladora do estacionamento e pernoita de autocaravanas, vehículos tipo camper e caravanas dentro do Concello de Fisterra no Portal Web e na Sede Electrónica do Concello para realizar o trámite de audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais podan facerse por outras persoas ou entidades, durante un período de vinte días hábiles.

SEGUNDO. Que, tras a realización do trámite de información pública, continúe a tramitación do expediente.

A Alcaldesa – Presidente

Áurea Domínguez Sisto



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Fisterra, 19 de febreiro de 2025.